



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2024-19

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

10 de Outubro de 2024

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

09:02

Hora de Finalización

09:39

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

JOSE RAMON LOPEZ PEREZ

LUCIA GIL CID

MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 03.10.2024 (ACTA 2024/18)

A acta apróbbase por unanimidade.

2º. CONTA XUSTIFICATIVA DO PROXECTO "EQUIPAMENTO PARA O MUSEO DE CASTRELO DO VAL" SUBVENCIONADO POLO GDR9 ASOCIACION MONTEVAL PLAN LEADER, PDR DE GALICIA 2014-2020.

O Sr. Alcalde lembra aos presentes que a Xunta de Goberno, na súa sesión de 25 de xaneiro de 2023 aprobara a memoria das actuacións "**Equipamento para o Museo de Castrelo do Val e equipamento para a Casa do Pobo de Piornedo**"; e seguidamente, acordou solicitar ao **GDR9 Asociación Monteval** o financiamento das actuación, ata o importe máximo de **15.859,47 euros** (equipamento museo Castrelo do Val: 9.438,00 € IVE incluído; e equipamento local social de Piornedo: 6.421,47 €, IVE incluído)

Continúa explicando que ao abeiro de dita convocatoria de axudas do Programa Leader 214-2020 o GDR 9 Asociación Monteval, resolveu a concesión das devanditas axudas que se lle solicitaran

Pois ben, executada a actuación de "**Equipamento para o equipamento do museo de Castrelo do Val**" consistente na subministración e instalación de material para a exposición de obxectos no Museo de Castrelo do Val; compe aprobar a documentación xustificativa do investimento, de acordo coa normativa reguladora da axuda: Resolución de AGADER, do 26 de decemrbo de 2022, pola que se convocan subvencións para a execución de proxectos da





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Medida Leader, do programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 para as anualidades 2023 e 2024 (MR701D) que se publicou no DOG núm.247, do 26 de decembro de 2022.

Finalmente dase conta da **Factura núm.068-24, de data 10/10/2024 de Aluvero Aluminios 2004, S.L. por importe de 7.449,97 euros** en concepto de subministro e colocación de material de exposición para o museo de Castrelo do Val.

Examinada a mesma e atopada conforme, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar a conta xustificativa da actuación en cuestión e recoñecer e liquidar a obriga derivada da súa aprobación, a favor do adxudicatario da subministración; e consecuentemente, **aprobar a factura:**

- **Núm. 068-24, de Aluvero Aluminios 2004, S.L de data 10/10/2024** correspondente á subministración e colocación de material de exposición para o museo de Castrelo do Val, por importe de **7.449,97 euros.**

SEGUNDO. Declarar que se **cumpliu á finalidade** para a que se concedeu a subvención; **facer constar** expresamente que **por parte da Intervención tomouse razón na contabilidade**, en fase de pago material, do gasto derivado da contratación da obra; que o **importe certificado acada o 100,00 da subvención** que se concedeu; e **declarar**, ademais, que na tramitación e **contratación** da subministración **cumpríuse a normativa de aplicación** no ámbito local e, especificamente, a que rexe nos contratos do sector público.

TERCEIRO. Declarar que a actuación desenvolvida non precisou de autorizacións sectoriais para a súa realización

CUARTO. Consecuentemente, **aprobar a conta xustificativa** da actuación nos termos recollidos nos apartados anteriores deste acordo.

3º CERTIFICACION NUM. 1, LIQUIDACION DA OBRA "ABASTECIMIENTO, SANEAMIENTO E PAVIMENTACION ENTRONQUE RUA CANCELIÑA COA OU-113, EN NOCEDO DO VAL", OBRA DE SUBVENCION NOMINATIVA DA DEPUTACION PROVINCIAL DE OURENSE.

O Sr. Alcalde, lembra aos presentes a **subvención nominativa** concedida por acordo da **Xunta de Goberno Local da Deputación Provincial** de Ourense, de data **23 de xullo de 2024**, para a obra **"Abastecemento, saneamento e pavimentación entronque Rúa Canceliña coa OU-113, en Nocedo do Val"**

A continuación, pasa a dar conta ós presentes da **certificación núm.1, liquidación** da devandita obra de **"Abastecemento, saneamento e pavimentación entronque Rúa Canceliña coa OU-113, en Nocedo do Val"**, financiada pola Deputación Provincial de Ourense, por un importe total de **38.987,18 euros**, suscrita pola directora das mesmas, **Cristina Sabariz Rúa**, arquitecto Colexiada núm 2963, do COAG, de data **7 de outubro de**





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

2024.

Examinada a mesma e atopada conforme, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar a referida **certificación núm. 1, liquidación** da obra denominada **"Abastecemento, saneamento e pavimentación entronque Rúa Canceliña coa OU-113, en Nocedo do Val"** financiada pola Deputación Provincial de Ourense por un importe total de **38.987,18 euros**, suscrita pola directora das mesmas, **Cristina Sabariz Rúa**, nos termos nos que se atopa redactada.

SEGUNDO. Recoñecer e liquidar a obriga derivada da súa aprobación, a favor do adxudicatario da obra; e consecuentemente, **aprobar a factura:**

- **Núm. 24/049 de DINOR, S.L. de data 07/10/2024**, correspondente a certificación núm 1, da obra **"Abastecemento, saneamento e pavimentación entronque Rúa Canceliña coa OU-113, en Nocedo do Val"**, por importe de **38.987,18 euros**.

TERCEIRO. Declarar que se **cumpliu á finalidade** para a que se concedeu a subvención; **facer constar** expresamente que **por parte da Intervención tomouse razón na contabilidade**, en fase de recoñecemento da obriga, do gasto derivado da contratación da obra; que o **importe certificado acada o 100,00% da subvención** que se concedeu; e **declarar**, ademais, que na tramitación e **contratación** das obras **cumpríuse a normativa de aplicación** no ámbito local e, especificamente, a que rexe nos contratos do sector público.

CUARTO. Declarar que a actuación desenvolvida non precisou de autorizacións sectoriais para a súa realización.

QUINTO. Consecuentemente, **aprobar a conta xustificativa** da actuación nos termos recollidos nos catro apartados anteriores deste acordo.

4º. CERTIFICACION NUM. 1, LIQUIDACION DA OBRA "ABASTECIMIENTO, SANEAMIENTO E PAVIMENTACION DA RUA CANCELIÑA, EN NOCEDO DO VAL", OBRA DO PLAN COOPEROU, ACHEGA COMPLEMENTARIA.

O Sr. Alcalde inicia o tratamento deste punto da Orde do día, lembrando que de acordo coas **Bases** para a elaboración e execución do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais de **2024, (BOP núm. 290, do 20.12.2023)**, foi a **Xunta de Goberno**, na súa **sesión do 16.01.2024** quen acordou solicitar da Deputación os diferentes investimentos e actuacións a realizar por parte do Concello con cargo ao devandito Plan.

Continúa lembrando que, posteriormente, a Deputación Provincial aprobou unha achega complementaria ao Pan, polo que a **Xunta de Goberno**, na súa **sesión do 01.07.2024** acordou solicitar da Deputación un novo investimento a realizar por parte do Concello con cargo á achega complementaria do Plan.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Polo que respecta ao programa de investimentos, a nova actuación aprobada é:
Denominación: **Abastecemento, saneamento e pavimentación Rúa Canceliña, en Nocedo do Val.**

Orzamento total **8.544,53 euros.**

Achega provincial: **8.544,53 euros.**

A continuación, pasa a dar conta ós presentes da **certificación núm.1, liquidación** da devandita obra de "**Abastecemento, saneamento e pavimentación Rúa Canceliña, en Nocedo do Val.**", financiada pola Deputación Provincial de Ourense, por un importe total de **8.544,53 euros**, suscrita pola directora das mesmas, **M^a Cisitina Sabariz Rúa**, arquitecto Colexiada núm 2963, do COAG, de data **7 de outubro de 2024.**

Examinada a mesma e atopada conforme, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar a referida **certificación núm. 1, liquidación** da obra denominada "**Abastecemento, saneamento e pavimentación Rúa Canceliña, en Nocedo do Val.**" financiada pola Deputación Provincial de Ourense por un importe total de **8.544,53 euros**, suscrita pola directora das mesmas, **CM^a Cristina Sabariz Rúa**, nos termos nos que se atopa redactada.

SEGUNDO. Recoñecer e liquidar a obriga derivada da súa aprobación, a favor do adxudicatario da obra; e consecuentemente, **aprobar a factura:**

- **Núm. 24/048 de DINOR, S.L. de data 07.10.2024**, correspondente a certificación núm 1, liquidación da obra "**Abastecemento, saneamento e pavimentación Rúa Canceliña, en Nocedo do Val.**", por importe de **8.544,53 euros.**

TERCEIRO. Declarar que se **cumplíu á finalidade** para a que se concedeu a subvención; **facer constar** expresamente que **por parte da Intervención tomouse razón na contabilidade**, en fase de recoñecemento da obriga, do gasto derivado da contratación da obra; que o **importe certificado acada o 100 % da subvención** que se concedeu; e **declarar**, ademáis, que na tramitación e **contratación** das obras **cumpríuse a normativa de aplicación** no ámbito local e, especificamente, a que rexe nos contratos do sector público.

CUARTO. Declarar que a actuación desenvolvida non precisou de autorizacións sectoriais para a súa realización.

QUINTO. Consecuentemente, **aprobar a conta xustificativa** da actuación nos termos recollidos nos catro apartados anteriores deste acordo.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

